

Dentro das axudas da Deputación de A Coruña para o ano 2016, e dependente da Área de Promoción Económica levaranse a cabo xornadas de asesoramento para emprendedores, autónomos e empresarios na Aula Cemit no Edificio de Foremdes. Para máis información no edificio de Foremdes ou no teléfono 981433815.

Calendario:

Luns 12 de Decembro de 11:30 a 13:30

Recepción de todos os emprendedores que necesiten asesoramento por parte do profesor de universidade D. Francisco Jesús Ferreiro Seoane, doutor en Economía con tese doutoral sobre emprendemento, ademais de responsable na posta en marcha de proxectos de emprendemento no IGAPE da Xunta de Galicia.

Xoves 15 de Decembro de 11:30 a 13:30

Organizaranse titorías persoalizadas para cada emprendedor. Acercamento para coñecer as ideas dos emprendedores e posterior valoración.

Venres 16 de Decembro de 11:30 a 13:30

Traballo con cada emprendedor de maneira individualizada analizando o mercado ao que se dirixe, técnicas de venda, canal de vendas e público obxectivo.

Luns 19 de Decembro de 11:30 a 13:30

Traballo de produción, servizos, provedores, abastecemento e centros de traballo.

Martes 20 de Decembro de 11:30 a 13:30

Análise de aspectos legais do negocio de cada emprendedor, forma xurídica, módulo fiscal, licenzas, prevención de riscos laborais, sanidade, permisos e subvencións.

Mércores 21 de Decembro de 11:30 a 13:30

Análise global de toda a información, análise de rendibilidade, contas de resultados, tesourería, balance e conclusión específicas para cada emprendedor.